



CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE UN POSTO DE TRABAJO.

- Posto: Un/a Auxiliar de Axuda no Fogar.
- Especialidade: Auxiliar de axuda no fogar, grupo de cotización 10.
- Modalidade contractual: Contrato laboral temporal a tempo completo.
- Duración prevista do contrato: Contrato eventual por circunstancias da produción, cunha duración de seis meses.
- Requisitos: Estar en posesión de carne de conducir B , e os esixidos con carácter xeral na lexislación vixente.
- Criterios de selección: Os establecidos nas Bases Xerais para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Concello de Baleira, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Nº 292, de 22 de decembro de 2010.
- Prazo de presentación de instancias: Cinco días hábiles dende o seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- Data e lugar da entrevista prevista nas Bases: O día 15 de decembro, as 9:00 horas, no Concello de Baleira. A entrevista realizarase mediante unha proba escrita na que se evaluarán contidos relacionados co posto de traballo a desempeñar.
- Tribunal cualificador:
 - Presidente: Sandra Neira Gómez. Técnico de Xestión do Concello de Baleira.
 - Secretaria: M^a Esperanza Garmendia Nuñez, Secretaria-Interventora do Concello de Baleira. Suplente: Alberto Alonso Fernández. Axudante de Servicios Múltiples do Concello de Baleira.
 - Vocais:
 - Clementina Saa Méndez, Traballadora Social do Concello de Baleira.
 - M^a Germana López González, Auxiliar Administrativo do Concello de Baleira..

O Tribunal constituirase o día 15 de decembro ás 8:30 horas.

Baleira, decembro de 2021.- O Alcalde, Angel Enrique Martinez-Puga López.

R. 3503

FOZ

Anuncio

SELECCIÓN DE PERSOAL

Por parte deste Concello vaise proceder á contratación de PERSOAL LABORAL INTERINO:

SELECCIÓN DE UN ADMINISTRATIVO FUNCIONARIO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, PARA O DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN DO CONCELLO DE FOZ

- **Prazo de presentación de instancias:** 5 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP de Lugo.

Requisitos do posto de traballo: recollidos nas Bases que rexen a convocatoria e postas a disposición dos interesados no BOP, no taboleiro de anuncios do Concello de Foz, en horario de 9.00 a 14.00 horas, e na páxina web do Concello de Foz (www.concellodefoz.es).

Foz, 30 de novembro de 2021.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 3468

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobación inicial da modificación da RPT (7ª modificación). Texto refundido RPT. Expte: 762/2021.

Por acordo plenario de data 24/11/2021 aprobouse inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT (Anexo I) e o Texto refundido da RPT ano 2021 (Anexo II).

O que se publica concedendo un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Guitiriz, 26 de novembro de 2021.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3469

O INCIO

Anuncio

Aprobación das bases reguladoras das axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal do Incio, para paliar os efectos da covid-19: liña de axudas para o sector hostaleiro.

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 30 de novembro de 2021, acordou a aprobación das bases reguladoras das axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal do Incio, para paliar os efectos do coronavirus (covid-19): liña de axudas para o sector hostaleiro.

Dando cumprimento ao acordo plenario, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento. As bases están expostas no taboleiro de edictos e na sede electrónica do concello.

O Incio, 30 de novembro de 2021.- O alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DO INCIO, PARA PALIAR OS EFECTOS DA COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA O SECTOR HOSTALEIRO.

Base 1. Liñas xerais e dotación orzamentaria.

O Concello do Incio, no marco das súas capacidades económicas e competenciais e, á vista da situación de emerxencia social que estamos a vivir como consecuencia da suspensión e restricións nas actividades comerciais, considera imprescindible aprobar unha liña de axudas dirixidas ao sector hostaleiro, duramente afectado pola crise da covid-19, para contribuír ao financiamento de certos gastos correntes que tiveron que afrontar os empresarios no contexto de peche obrigado da súa actividade, limitacións de horarios, restricións de aforo, etc.

A tal fin, autorízase crédito por importe de 5.000 euros do vixente orzamento municipal e para o que se conta con financiamento procedente do Plan Único 2021 de Cooperación cos Concellos da Deputación de Lugo.

Base 2. Réxime xurídico.

A relación xurdida da presente acción de fomento régulase na seguinte normativa:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Base 3. Obxecto.

- .1. As presentes bases teñen por obxecto establecer a regulación (solicitud, tramitación, concesión e pago) das axudas a conceder polo Concello do Incio e destinadas a paliar o impacto derivado da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 sobre o sector hostaleiro do Concello e que tiveron que pechar os seus establecementos, trala entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e/ou que na actualidade retomaron e manteñen a súa actividade, a pesares das restricións de horarios, aforos existentes, etc.
- .2. A finalidade é protexer e apoiar a este sector de actividade, constituído por pequenas empresas e autónomos, para lograr un menor impacto económico polo peche e pola diminución de ingresos económicos, que se produciu tras a declaración do estado de alarma e/ou posteriores medidas restritivas de horarios e aforos da súa actividade habitual.
- .3. As subvencións expostas fundaméntanse na situación excepcional e de crise sanitaria provocada polo COVID-19.

Base 4. Contía da axudas.

Co gallo de establecer un criterio de asignación áxil e reducir as cargas administrativas, tanto aos solicitantes coma a propia Administración, o importe da subvención virá determinado polo número de solicitudes que cumpran os requisitos, ata un máximo de 2.000,00 euros por negocio e un máximo de 5.000,00 euros de crédito orzamentario, non ampliable, para o conxunto de solicitudes.

As axudas comprenderán unha cantidade equivalente aos recibos de auga / lixo que soportou o establecemento dende o 2º trimestre de 2020 ata o 3º trimestre de 2021 incluídos, así como unha cantidade fixa por solicitante en concepto de axuda para outros gastos correntes, e que será proporcional ao excedente existente, de existir, unha vez sexa asignada a cantidade a outorgar a cada participante en concepto de recibos de auga / lixo e sempre ata un máximo de 2.000,00 euros por solicitude e 5.000,00 € de crédito orzamentario total para o conxunto de participantes.

Base 5. Beneficiarios e requisitos que deben cumprir.

5.1.- Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas ou xurídicas, como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo as actividades económicas que motivan a concesión da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter un negocio ou actividade nun establecemento ubicado no termo municipal do Incio e que permanecese pechado e non poidese desempeñar ningunha actividade como consecuencia da prohibición establecida polo goberno central ao declarar o estado de alarma (actividades recollidas no artigo 10.3 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, e as súas modificacións posteriores), e/ou que se vise afectado polas posteriores restricións de horarios e aforos, sempre que a súa actividade pertenza a algunha das seguintes agrupacións do I.A.E:

- Agrupación 67.

- Agrupación 68.

b) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento da presentación da instancia.

c) Non atoparse incursas en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Facenda estatal (AEAT), a Facenda autonómica a Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS) e co Concello do Incio. Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pago da subvención, no seu caso.

d) Xustificar calquera subvención que lle foi concedida con anterioridade polo Concello do Incio, sempre que finalice o correspondente prazo de xustificación.

e) Non poderán acollerse aquelas que pechasen a súa actividade con anterioridade á declaración do estado de alarma, nin aquelas outras que declarasen o peche definitivo da actividade na actualidade. Así mesmo, non poderán solicitar o peche definitivo da actividade nos vindeiros 6 meses seguintes ao cobro da subvención.

f) Teren aprobadas as liquidacións ou contas do último exercicio vencido legalmente esixibles.

g) Someterse aos procedementos de control que poidan realizar a intervención; o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo.

Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

Base 6. Compatibilidades e exclusións

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A concorrencia ao presente programa será compatible coa solicitude noutras convocatorias de subvencións se así o establecen as súas bases específicas.

Base 7. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes axustaranse ao formulario previsto no ANEXO I da convocatoria e presentaranse de xeito telemático na sede electrónica do Concello do Incio. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se achegen doutros rexistros.

Non obstante, os autónomos que non exerzan funcións colexiadas poderán presentar a súa solicitude fisicamente ante a oficina de asistencia en materia de rexistro do Concello do Incio.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles e comezará a partires do día seguinte hábil á publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Base 8. Documentación a presentar.

8.1.- A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou o seu representante legal e debe acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

- a) DNI, NIE acompañado do pasaporte no seu caso, ou CIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, así como acreditación da representación no caso de persoas xurídicas.
- b) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.
- c) Copia do recibo de autónomos do mes de Marzo de 2020, ou do primeiro mes en activo no caso de establecementos de nova apertura posterior a dita data e producida como mínimo 6 meses antes da publicación das presentes bases.
- d) Certificación do número de conta bancaria onde se ingresará a axuda.
- e) Declaración xurada co contido recollido no apartado 2.
- f) Recibos de auga/lixo do período subvencionado así como acreditación do seu efectivo pagamento.

8.2.- Declaración Responsable asinada pola persoa interesada ou representante legal da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamiento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a actividade afectada polo peche do establecemento, restricións de horarios e aforos disposta polo estado de alarma e posteriores acordos, non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio online ou telefónico da persoa solicitante.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma, estando ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Facenda estatal (AEAT), a Facenda autonómica, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS), así como co Concello do Incio. A tal efecto presentaranse certificados nese sentido.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.
- Que a actividade que desenvolve viuse obrigada ao peche de establecementos disposto no RD 465/2020, de 17 de marzo, que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo e/ou a posteriores restricións de horarios e aforos dispostas polas autoridades competentes.

Base 9. Procedemento e instrución.

9.1. A instrución do procedemento dependerá directamente de Alcaldía, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As solicitudes xunto coa documentación presentada serán revisadas polos servizos administrativos do Concello do Incio, previa fiscalización.

9.2.- Esta fiscalización realizarase de acordo co establecido nos apartados 18.1.A e 18.1.B da Resolución de 2 de xuño de 2008, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros de 30 de maio de 2008, e polo que se da aplicación á previsión dos artigos 152 e 147 da Lei Xeral Orzamentaria, respecto ao exercicio da función interventora en réxime de requisitos básicos.

O control sobre o cumprimento de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa seguridade social realizarase en base aos certificados de non débedas aportados.

9.3.- No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 2 días hábiles para a súa emenda. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda ó requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

9.4.-As subvencións concedidas serán obxecto de publicación na sede electrónica do Concello.

Base 10. Obrigas

Son obrigas das beneficiarias:

a) Estar de alta na súa actividade cunha anterioridade mínima de 6 meses antes da publicación das presentes bases, así como no momento de solicitude da subvención, e manter a actividade económica durante 6 meses, como mínimo, a partir do día seguinte ao de cobro da subvención.

b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.

c) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

d) Cumprir as restantes obrigacións que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

Base 11. Protección de datos persoais.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello do Incio coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obrigación legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello do Incio (<https://concelloincio.sedelectronica.es>) ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base 12. Pagamento das subvencións e garantías.

O pago destas axudas realizarase nun pago único pola totalidade do importe concedido, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

Base 13. Reintegro das subvencións.

13.1.- O reintegro do importe percibido, cando cumpra, rexerese polo disposto no título II da LGS e polo título III do RLGS.

13.2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LGS, darán lugar á obrigación de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia do interese de demora correspondente desde a data do pago da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Se a persoa beneficiaria incumpre a obrigaón de manter a actividade económica durante os 6 meses establecidos na base 10 da convocatoria, procederá ao reintegro do importe da subvención cobrado por este concepto.

14.3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento de reintegro, en caso de incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderán comunicar ao órgano xestor por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida.

ANEXO I**MODELO DE SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DO INCIO, PARA PALIAR OS EFECTOS DA COVID-19: LIÑA DE AXUDAS PARA O SECTOR HOSTALEIRO.**

Don/Dona, con DNI _____, e en calidade de representante da empresa _____ con CIF _____ e responsable do local comercial denominado _____.

Á vista das bases axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal do Incio, para paliar os efectos do covid-19: liña de axudas para o sector hostaleiro, publicadas no BOP de Lugo, e considerando que reúne os requisitos esixidos na convocatoria,

SOLICITO:

A axuda establecida nas bases desa convocatoria e achega a seguinte documentación:

- a) DNI, NIE acompañado do pasaporte no seu caso, ou NIF da persoa xurídica, sociedade civil, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, así como acreditación da representación no caso de persoas xurídicas.
- b) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal e no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.
- c) Copia do recibo de autónomos do mes de Marzo de 2020, ou do primeiro mes en activo no caso de establecementos de nova apertura posterior a dita data e producida como mínimo 6 meses antes da publicación das presentes bases.
- d) Certificación do número de conta bancaria onde se ingresará a axuda.
- e) Declaración xurada co contido recollido no apartado 8.2.
- f) Certificados xustificativos de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Facenda estatal (AEAT), a Facenda autonómica, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS), así como co Concello do Incio; este último realizarase de oficio.
- g) Recibos de auga/lixo do período subvencionado, así como acreditación do seu efectivo pagamento.

O Incio, _____ de _____ de 2021

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DO INCIO

O Incio, 30 de novembro de 2021. O Alcalde, Presidente. Héctor Manuel Corujo González

R. 3470

LUGO
Anuncio

DECRETO Nº 10046/2021 do 18/11/2021 (rectificado polo DECRETO Nº 10114/2021 do 19/11/2021)

ASUNTO: NOMEAMENTO DE 7 INSPECTORES DE POLICÍA LOCAL EN PRÁCTICAS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ILMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto Nº 5187/2021 do 16/06/2021 se resolveu convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a sete prazas de Inspector de Policía Local do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (6 INCLUIDAS NA AMPLIACIÓN DA OEP 2018 E 1 INCLUIDAS NA OEP 2020)

Dito Decreto foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 138 do 19 de xuño de 2021 e, extracto do mesmo no “Diario Oficial de Galicia” número 123 do 30 de xuño de 2021.

O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 160 do 6 de xullo de 2021.

Unha vez rematado o mencionado proceso selectivo o Tribunal Cualificador, con data do 12 de novembro de 2021, propuxo o acceso en propiedade a 7 prazas de Inspector da policía local en prácticas, pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo a:

Nome e apelidos	DNI
Manuel Fernando Abuín Rouco	***4188**
Adrián Prieto Veiga	***4251**
José Manuel Fernández Fernández	***3701**
Alberto Muñoz Heras	***7050**
Belén Santiso Felpeto	***2626**
Andrés Pernas Fernández	***1984**
Carlos Iglesias Rozas	***1836**

Segundo figura no apartado 4 da BASE 10 - **PUBLICACIÓN DE APROBADOS E NOMEAMENTO EN PRACTICAS**, das bases específicas aprobadas polo acordo nº 4/354 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 09.06.2021 “Os aspirantes que resultaren aprobados serán nomeados funcionarios en prácticas, cos dereitos e deberes que legalmente lles corresponden, situación na que desenvolverán o curso de capacitación para a nova categoría na Academia Galega de Seguridade Pública. A superación do devandito curso constituirá requisito indispensable para acceder á condición de funcionario de carreira na nova categoría.”

Por outra parte, polo que respecta ás retribucións, os funcionarios en prácticas teñen un réxime específico de retribucións regulado no Real Decreto 456/1986, do 10 de febreiro, sobre retribucións dos funcionarios públicos en prácticas, modificado polo Real Decreto 213/2003, do 21 de febreiro, dispón no seu artigo 2:

“1. Para os efectos retributivos que regula o presente real decreto, os funcionarios en prácticas que xa estean a prestar servizos remunerados na Administración como funcionarios de carreira ou interinos ou como persoal laboral deberán optar ao comezo do período de prácticas ou do curso selectivo por percibir, con cargo ao Departamento ministerial ou organismo público ao que estean adscritos os postos de traballo de orixe:

a) As retribucións correspondentes ao posto que estean a desempeñar ata o momento do seu nomeamento como funcionarios en prácticas, ademais dos trienios que tivesen recoñecidos.

b) As previstas no artigo anterior, ademais dos trienios recoñecidos. Con todo, se durante este período desempeñábase un posto de traballo como funcionario en prácticas, o abono das retribucións corresponderá ao Departamento ministerial ou organismo público ao que estea adscrito o citado posto de traballo.

2. En todo caso, os funcionarios en prácticas a que se refire este artigo deberán reincorporarse, unha vez finalizado o curso selectivo ou período de prácticas, ao seu posto de traballo de orixe ata a súa toma de

posesión como funcionario de carreira no novo corpo ou escala, sen prexuízo do disposto na disposición adicional quinta do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.”

Dispónse no artigo 1 da normativa citada que percibirán unha retribución equivalente ao soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo no que estea clasificado o corpo ou escala no que aspiren a ingresar. Non obstante, se as prácticas se realizan desempeñando un posto de traballo, o importe anterior se incrementará nas retribucións complementarias correspondentes ao dito posto, e as retribucións resultantes serán aboadas polo Departamento Ministerial u organismo público ao que estea adscrito o citado posto de traballo.

Igualmente, segundo o disposto no artigo 3 do mencionado Real Decreto:

“Os funcionarios en prácticas que sexan nomeados funcionarios de carreira ao superar o período de prácticas ou o curso selectivo, continuarán percibindo no prazo posesorio as mesmas retribucións que lles foran acreditadas durante o tempo de realización das prácticas ou do curso selectivo.

Aqueloutros que, superando todos os requisitos do proceso selectivo, queden en expectativa de nomeamento, non terán dereito a percibir remuneración algunha como funcionarios en prácticas.

Así mesmo, a non superación do curso selectivo determinará o cesamento no percibo destas remuneracións, sen prexuízo da súa continuación ao producirse, no seu caso a incorporación do aspirante a un novo curso selectivo.”

Tendo en conta a proposta do Xefe do Servizo de Persoal de data 12 de novembro de 2021 e o informe de Intervención 2021/1829 do 17 de novembro de 2021, incluíndo o presente decreto a obriga por parte dos aspirantes a comunicar a opción das previstas no artigo 2 do RD 456/1986, do 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas, en base ás atribucións delegadas pola Xunta de Goberno Local do 17/07/2019 a Tenenta de Alcaldesa delegada da área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, **RESOLVE:**

“**Primeiro.**- Nomear como FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS NA CATEGORÍA DE INSPECTOR DO CORPO DA POLICÍA LOCAL a:

Nome e apelidos	DNI
Manuel Fernando Abuín Rouco	***4188**
Adrián Prieto Veiga	***4251**
José Manuel Fernández Fernández	***3701**
Alberto Muñoz Heras	***7050**
Belén Santiso Felpeto	***2626**
Andrés Pernas Fernández	***1984**
Carlos Iglesias Rozas	***1836**

con efectos do día seguinte a notificación da presente resolución.

Segundo.- Os aspirantes deberán comunicar ao comenzo do período de prácticas a opción das previstas no artigo 2 do RD 456/1986, de 10 de febreiro, polo que se fixan as retribucións dos funcionarios en prácticas.

Terceiro.- Notificarlles os nomeamentos en prácticas ós/ás interesados/as, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á notificación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”

Cuarto.- Ordear a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

R. 3471

*Anuncio***DECRETO 10294/2021 do 25/11/2021**

Ilma. Sra. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tta. de Alcaldesa-Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos do Excmo. Concello de Lugo.

- Visto acordo 9/701 da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión ordinaria celebrada o 5 de decembro de 2018, de aprobación da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2018 e no su anexo, figura entre outras, a seguinte praza de persoal funcionario: 1 praza ANALISTA SISTEMAS - APLICACIÓNS, grupo A (subgrupo A1), escala administración especial, subescala técnica.

Dito acordo foi publicado no BOP de Lugo número 39, do 15 de febreiro de 2019, e DOG número 73, do 15 de abril de 2019.

- Visto acordo da Mesa Xeral de Negociación do día 14 de xaneiro de 2021 de proposta de aprobación das bases para acceso ás prazas de promoción interna.

- Vista proposta de aprobación das Bases específicas de 20 de xaneiro de 2021 para o acceso en propiedade a unha praza de analista sistemas/aplicacións pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en promoción interna (oep 2018)

- Visto informe de Intervención de 5 de maio de 2021 no que se indica que deberá de incluírse nas Bases Reguladoras da Convocatoria a composición e número de membros do Tribunal (non a súa identificación persoal), cuxos vocais deberán poseer titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza convocada.

- Vista proposta modificada de aprobación das Bases específicas por acordo 5/294 da Xunta de Goberno Local de 21/05/2021 para o acceso en propiedade a unha praza de analista sistemas/aplicacións pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en promoción interna (oep 2018).

Esta Concelleira, en base ás atribucións reservadas por acordo nº 28/452 da Xunta de Goberno Local celebrada en sesión ordinaria do día 17/07/2019, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de ANALISTA SISTEMAS - APLICACIÓNS grupo A (subgrupo A1), escala administración especial do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda promoción interna (OEP 2018), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 21 de maio de 2021, que seguidamente se transcriben:

“1º.- **OBJECTO.-** É obxecto destas bases específicas a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para o acceso, como funcionaria/o de carreira, a UNHA praza de ANALISTA SISTEMAS - APLICACIÓNS grupo A (subgrupo A1), escala administración especial, subescala técnica, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en todo o que non estea previsto nas “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS VACANTES PERTENCENTES AO CADRO DE FUNCIONARIAS/OS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA”, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018.

As ditas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 256, do 7 de novembro de 2014 e núm. 39, do 15 de febreiro de 2019.

2º.- CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS

a) Denominación da praza: ANALISTA SISTEMAS-APLICACIÓNS

b) Grupo de titulación: A (subgrupo A1)

c) Outras características:

- Escala: Administración especial

- Subescala: técnica

- Clase: superior.

3º.- SISTEMA SELECTIVO.- De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Lugo, o sistema selectivo será o de concurso-oposición.

4º.- TITULACIÓN E OUTROS REQUISITOS ESIXIDOS PARA O ACCESO Á PRAZA:

a) Título de Licenciado/a en Enxeñeiro/a Informático/a, Informática ou título universitario de grao e máster ou equivalente.

b) Ser empregada/o pública/o do Concello de Lugo con praza en propiedade, pertencente ao grupo inmediatamente inferior na mesma escala e subescala e ter unha antigüidade mínima de dous anos no grupo dende o que se promove.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Excmo. Concello de Lugo e as e os aspirantes manifestarán nelas, de xeito expreso, que reúnen todas e cada unha das condicións de admisión previstas nestas bases específicas e nas xerais aprobadas pola Xunta de Goberno nas sesións do 2 de xuño de 2010, 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018 para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ao cadro de funcionarias/os do Concello de Lugo en quenda de promoción interna.

As interesadas e interesados en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar instancia dirixida á Excmo. Sra. Alcaldesa no Rexistro Xeral do Concello de Lugo; así mesmo, poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles contados, dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Así mesmo, na solicitude de admisión ao concurso-oposición deberán alegar os méritos que posúan de entre os especificados na base décimo terceira das bases xerais anteriormente citadas de acordo coa modificación aprobada pola Xunta de Goberno Local o 22 de decembro de 2010, e acompañar á dita solicitude os certificados e títulos ou diplomas acreditativos de tales méritos, sen que o tribunal poida valorar méritos diferentes dos alegados na solicitude ou insuficientemente acreditados, sen que proceda a concesión de prazos ás persoas solicitantes para a corrección de tales deficiencias.

6º.- FASE DE CONCURSO. Consistirá na valoración dos méritos alegados e acreditados polo persoal aspirante no momento de presentación das instancias. Os méritos serán valorados de acordo co baremo que se establece na base décimo terceira das xerais aludidas na base anterior.

7º.- PROBAS SELECTIVAS

As probas selectivas que deberán superar as e os aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes:

A) DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test, máis catro (4) preguntas de reserva, correspondente ao conxunto do programa, con tres respostas alternativas propostas polo Tribunal, das cales só unha delas será correcta.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de 120 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 5 puntos.

Corresponderalle ao tribunal o número de respostas correctas esixido para acadar esta puntuación mínima, para o cal terá en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha correcta.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: consistirá en realizar, durante un tempo máximo de 240 minutos (4 horas), un ou varios supostos prácticos que formulará e que estará relacionado cos contidos do programa e coas funcións propias das e dos titulares destas prazas.

No anuncio de convocatoria deste exercicio, o tribunal determinará os medios materiais dos que deberá, ou poderá, ir provisto o persoal aspirante para a súa realización.

O tribunal cualificador, se o estimara oportuno, poderá acordar que as e os aspirantes dean lectura en acto público aos exercicios escritos.

Os exercicios obrigatorios e eliminatorios cualificaranse de apto ou non apto, e deberá acadarse unha puntuación mínima de 5 para a súa superación. Os exercicios que obteñan a cualificación de apto serán puntuados de 5 a 10 puntos.

B) COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizarase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixará o órgano de selección atendendo á categoría e ás funcións da praza. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA 4 ou equivalentemente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

8º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

Dirección das TIC.

1. Gobernanza das TIC (I). Planificación, dirección e control das TIC. CoBIT («Control Objectives for Information and Related Technology»), obxectivos de control e métricas.
2. Gobernanza das TIC (II). Propostas de proxectos (casos de negocio ou «business case»), análise de custos/beneficios, análise de riscos, factores críticos de éxito. VallIT. Análise de negocio (BABOK).
3. Xestión estratéxica das TIC. Ferramentas de planificación e control: cadros de mando integral («balanced scorecards»), mapas estratéxicos, xestión de coñecementos e innovación.
4. Dirección e xestión de proxectos. Xestión da integración. O Plan xeral do proxecto. Xestión do alcance. Xestión do custo. Orzamentos. Xestión do tempo.
5. Técnicas de planificación. Xestión da calidade. Plan de calidade. Xestión de RRHH. Capacidades da xefatura de proxecto. Xestión das comunicacións. Xestión do risco. Continxencias. Xestión da subcontratación e adquisicións. PMBOK e metodoloxías áxiles de xestión de proxectos.
6. Sistemas de xestión de calidade. Normalización e certificación. EFQM. Serie ISO 9000.
7. A biblioteca de infraestrutura TI (ITIL). Soporte ao servizo. Entrega de servizos. ISO 20.000. Obxectivos da norma. Mapa e descrición dos procesos.
8. Auditoría informática. Marco xeral. Metodoloxía. Auditoría dos grandes sistemas informáticos. Auditoría da informática persoal e as redes de área local.

Aspectos legais.

9. Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica (modificado polo RD 951/2015). Instrucións técnicas do ENS
10. Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de interoperabilidade no ámbito da Administración electrónica. Instrucións técnicas de desenvolvemento do ENI.
11. Lei de medidas de impulso da sociedade da información. Factura electrónica. Lei de sinatura electrónica. Lei de servizos da sociedade da información e comercio electrónico. Accesibilidade.
12. Normativa no ámbito da propiedade intelectual. A protección xurídica dos programas de ordenador. Tipos de licenzas. Software de fontes abertas (FLOSS). Ferramentas para a reutilización e liberación de software na Administración pública.
13. Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións. Regulación do mercado das telecomunicacións.
14. Lexislación sobre protección de datos. Normativa comunitaria. Regulamento europeo de protección de datos de carácter persoal. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

Administración electrónica e sociedade da información.

15. Implantación da Administración electrónica. Sede electrónica e servizos de sede. Rexistro electrónico. Expediente electrónico. Arquivo electrónico de documentos. Dixitalización, compulsas electrónicas. Factura e licitación electrónicas.
16. Interoperabilidade. Coordinación interadministrativa e interoperabilidade no marco da Administración Electrónica. Iniciativas de desenvolvemento da Administración electrónica: @firma, DNI electrónico.
17. Servizos horizontais de Administración electrónica. Identificación e autenticación do persoal funcionario, da cidadanía e das administracións públicas. Acreditación e representación da cidadanía.
18. Sinatura electrónica, intercambio de certificados, selaxe de tempo (time-stamping). Pagamento electrónico e notificacións telemáticas.
19. Desenvolvemento da sociedade da información: marco de actuación. Europa 2020 Axenda dixital europea. Axenda dixital para España.

Sistemas de información.

20. Modelo entidade-relación. Modelo relacional. Normalización.
21. Sistemas de xestión de bases de datos. Bases de datos NoSQL. Monitores transaccionais.
22. SQL. Linguaxe de definición de datos (DDL). Linguaxe de manipulación de datos. (DML) e DCL.
23. Sistemas CRM (Customer Relationship Management) e ERP (Enterprise Resource Planning). A informatización dos procedementos. BPM (Business Process Management). Sistemas de xestión documental. Xestión do coñecemento.
24. Datawarehouse. Data Marts. Arquitectura. Análise multidimensional e arquitecturas OLAP. ROLAP/MOLAP/HOLAP. Minaría de datos. Xeración de informes á dirección. Captura, almacenamento,

procesamento e análise de grandes volumes de información (Big Data).

25. Sistemas de xestión de contidos. E-learning. Accesibilidade e usabilidade. Deseño universal. Deseño adaptativo. W3C. Datos abertos (OpenData).

26. Motores de busca. Ferramentas colaborativas. Correo electrónico. Listas de distribución. Grupos de noticias de rede (NNTP). Foros de discusión. Chat. Sistemas de videoconferencia. Mensaxaría instantánea.

27. Web 2.0. Wikis. Blogs. Comunidades virtuais. Redes sociais. Sindicación de contidos. Podcast. Modelos de TV na internet. Suites de ofimática en web. Almacenamento en web. Escritorios virtuais. Mashups. Widgets. Mundos virtuais. P2P. Web semántica.

28. Sistemas de información xeográfica.

Arquitectura dos sistemas de información.

29. Arquitectura das redes intranet e internet: concepto, estrutura e características. A súa implantación nas organizacións.

30. Modelo de capas: servidores de aplicacións, servidores de datos, granxas de servidores.

31. Arquitectura de aplicacións nas plataformas JEE, PHP e NET.

32. Arquitectura e goberno SOA. Servizos web. Tecnoloxías XML.

33. Frameworks para o desenvolvemento de aplicacións. MVC. Solucións de persistencia. Linguaxes de script.

34. Aplicacións da internet enriquecidas (RIA). Frameworks AJAX. Desenvolvemento para dispositivos móbiles.

Enxeñaría do software.

35. Enxeñaría do software. Proceso software, modelos de proceso software. Ciclos de vida. Modelos de ciclo de vida. Fases do ciclo de vida. Modelos de desenvolvemento.

36. Metodoloxías de desenvolvemento de sistemas de información. Métrica 3. RUP. Metodoloxías áxiles.

37. Enxeñaría de requisitos: especificación, verificación, validación, xestión do cambio.

38. Análise orientada a obxectos. Linguaxe unificada de modelaxe (UML). Patróns e deseño. Antipatróns.

39. Técnicas de programación. Programación estruturada. Programación orientada a obxectos. Enxeñaría inversa e reenxeñaría.

40. Métodos de proba do software. Fundamentos. Caixa negra e caixa branca. Estratexias e tipos de proba do software. Ferramentas para a xestión e automatización das probas.

41. Modelos de calidade. Enxeñaría de procesos de software: CMMI, ISO 15504, ISO 9000-3. Modelos áxiles.

42. Integración continua. Control de código fonte, construción automatizada, control da calidade do código.

Seguridade nos sistemas de información.

43. Seguridade informática: autenticación, integridade, confidencialidade, dispoñibilidade, rastrexabilidade.

44. Análise e xestión de riscos. Metodoloxía Magerit. Plans de recuperación ante desastres e continuidade de negocio.

45. Sistemas de xestión da seguridade da información: normas da serie ISO 27.000. Centros de operacións de ciberseguridade (CERT/CSIRT).

46. Virus e outro software maligno avanzado. Ameazas persistentes avanzadas (APT). Tipos. Medios preventivos e reactivos. Sistemas antivirus e de protección. Sistemas de protección ante malware avanzado (solucións de sandboxing).

47. Certificados dixitais. Tarxetas criptográfica. Sinatura dixital. Técnicas de cifraxe. Infraestrutura de clave pública (PKI)

48. Seguridade en contornos de rede privados de directorio. Xestión de identidade. Single sign-on. Acceso remoto. VPN.

49. Protección da seguridade nos diferentes elementos de infraestrutura TIC (servidores, posto cliente, equipamento de comunicacións,..)

50. Plataforma e protección: tornalumes de nova xeración, tornalumes de aplicacións web, protección ante ataques DDOS, IDSs/IPSS. Sistemas de xestión de eventos e información de seguridade (SIEM). Arquitectura de seguridade en redes.

Elementos de seguridade para a internet.

51. Seguridade en dispositivos móbiles. Solucións MDM e estratexias BYOD.

52. Análise e xestión de vulnerabilidades. Auditorías técnicas de seguridade. Probas de intrusión. Análise forense de incidentes de seguridade.

Telecomunicacións.

53. Modelo OSI. Redes LAN, MAN e WAN. Estrutura de redes: troncal, distribución acceso. Redes públicas de transmisión de datos. Protocolos de rede.

54. Tecnoloxías de acceso: redes telefónicas (RDSI, xDSL), redes de telefonía móbil, cable, PLC, redes radio (LMDS, Wimax), satélite, liñas punto a punto, MetroEthernet.

55. Tecnoloxías de transporte: Frame Relay, ATM, DWDM, MPLS. Redes de fibra óptica. Redes de nova xeración (NGN).

56. Tecnoloxías sen fíos: Bluetooth, WiBree, Wireless USB, Wi-Fi. RFID. Tecnoloxías móbiles.

57. Protocolo TCP/IP: Direcciónamento e sistemas de nomes de dominio. Protocolos IP, ICMP, TCP, UDP. Encamiñamento. Aplicacións básicas: Telnet, FTP (TFTP) e SMTP.

58. Redes de área local. Topoloxías. Redes Ethernet. Redes conmutadas e redes virtuais. Xestión de redes.

59. Sistemas de cablaxe. Electrónica de rede: repetidores, concentradores, pontes, conmutadores, encamiñadores, pasarelas.

Infraestrutura de sistemas.

60. Equipamento hardware. Servidores. Posto de traballo. Dispositivos persoais.

61. Concepto, evolución e tendencias dos sistemas operativos. Sistema operativo UNIX-LINUX. Sistema operativo Windows.

62. Servidores de mensaxaría. Sistemas de correo.

63. Servidores de aplicacións e servidores web. Contedores de aplicacións. Estratexias de monitorización das aplicacións.

64. Deseño de centro de procesos de datos. Instalacións (electricidade, control de acceso, control de presenza, sistema antiincendios, climatización, sistemas de alimentación ininterrompida).

65. Virtualización de servidores. Virtualización do almacenamento. Virtualización do posto cliente. Computación baseada en servidor (SBC). Grid computing. Cloud computing (IaaS, PaaS, SaaS). Green IT e eficiencia enerxética.

66. Redes SAN e elementos dun SAN. Redes de almacenamento: topoloxías, protocolos, elementos de conexión. Sistemas de almacenamento: arquitecturas e compoñentes. Servidores: HBA e Software MultiPath.

67. Sistemas de backup: hardware e software de backup. Estratexias de backup a disco. Disponibilidade da información RPO, RTO. Replicación local e remota, estratexias de recuperación.

68. Administración e xestión de redes e sistemas de almacenamento. Virtualización do almacenamento. Xestión do ciclo de vida da información (ILM).

69. Redundancia hardware (I). Alta dispoñibilidade no nivel de sistema operativo. Sistemas de clúster e balanceo de carga. Alta dispoñibilidade en servidores de aplicacións e servidores de bases de datos. Alta dispoñibilidade no nivel de aplicación.

70. Redundancia hardware (II). Dispoñibilidade en contornos virtualizados. Centros de protección xeográficos. Plans de continxencia. Estratexias e ferramentas de monitorización de sistemas.

71. Sistemas de videoconferencia. Ferramentas de traballo en grupo. Dimensionamento e calidade de servizo nas comunicacións e acondicionamento de salas e equipos. Streaming de vídeo.

72. Acceso remoto a sistemas corporativos: xestión de identidades, single sign-on e teletraballo.

9º.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

De conformidade co establecido no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, a composición dos tribunais cualificadores será a seguinte:

Presidente: Un/ha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

Vogais:

- Tres técnicos ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeados pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

Secretario/a: un funcionario/a do grupo A1 ou a A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a pola Xunta de Goberno Local, entre aqueles que presten servizos no Concello de Lugo e contén con formación no ámbito xurídico”.

A súa vez será aplicable a Instrución para o funcionamento e actuación dos órganos de selección do Excmo. Concello de Lugo aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada día nove de outubro de dous mil dezanove.

10º.- RECURSOS

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á publicación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

R. 3472

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria do día 27.09.2021, aprobou provisionalmente o expediente de modificación de ordenanzas fiscais e prezos públicos para o exercicio 2022.

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública, de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan elevados a definitivos o acordos de modificación, e procédese a súa publicación:

ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO

1) Modificación artigo 13 “Calendario Fiscal”

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL

1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:

TRIBUTO	PERÍODO	DATAS DE PAGO	
		DENDE	ATA
a. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	Anual	14/04/2022	14/06/2022
b. Imposto de Bens Inmóbles	Anual	05/08/2022	05/10/2022
c. Imposto sobre Actividades Económicas	Anual	17/08/2022	17/10/2022
d. Taxa pola recollida de lixo	6º bimestre 2021	28/02/2022	29/04/2022
	1º bimestre 2022	27/04/2022	29/06/2022
	2º bimestre 2022	24/06/2022	24/08/2022
	3º bimestre 2022	25/08/2022	25/10/2022
	4º bimestre 2022	27/10/2022	27/12/2022
	5º bimestre 2022	28/12/2022	28/02/2023
e. Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais	6º bimestre 2022	28/02/2023	28/04/2023
	2ª fracción curso 2021/2022	07/03/2022	07/05/2022
	1ª fracción curso 2022/2023	26/10/2022	28/12/2022

f. Taxa de auga rede e sumidoiros	6º bimestre 2021	31/12/2021	28/02/2022
	1º bimestre 2022	01/03/2022	3/05/2022
	2º bimestre 2022	29/04/2022	30/06/2022
	3º bimestre 2022	01/07/2022	1/09/2022
	4º bimestre 2022	31/08/2022	31/10/2022
	5º bimestre 2022	31/10/2022	02/01/2023
	6º bimestre 2022	30/12/2022	28/02/2023
g. Resto de taxas		21/09/2022	21/11/2022

2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.

3.- O Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia.

2) Modificación penúltimo parágrafo do artigo 14 “Domiciliacións”.

Quedando, dito parágrafo, do artigo 14 “ Domiciliacións “redactado do seguinte xeito:

A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana, nos recibos de importe superior aos 100€, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 5.08.2022 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 4 de decembro polo importe do restante 40% do recibo

ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DO TAXA POR RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO

1) Modificación artigo 6º “Cota Tributaria”

Quedando redactado do seguinte xeito:

A cota tributaria verá determinada en función da natureza, destino, e superficie do local de acordo co seguinte cadro de tarifas:

DESCRIPCIÓN	Importe € / bimestre
Vivendas	
Zona Urbana	13,23
Zona Rural	6,63
Actividades	
Locais sen actividade	13,23
Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677	
Ata 20 m ²	30,87
De 21 m ² a 100 m ²	46,33
De 101 m ² a 200 m ²	61,77
De 201 m ² a 400 m ²	92,64
De 401 m ² a 1000 m ²	138,96
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	77,19
Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969	
Ata 100 m ²	47,64
De 101 m ² a 200 m ²	71,47

De 201 m ² a 400 m ²	119,12
De 401 m ² a 1000 m ²	166,77
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	95,29
Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644,645,647, 661, 662	
Ata 20 m ²	37,05
De 21 m ² a 100 m ²	55,58
De 101 m ² a 200 m ²	74,12
De 201 m ² a 400 m ²	111,17
De 401 m ² a 1000 m ²	166,76
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	92,64
Hotéis, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951	
Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería	
Ata 100 m ²	18,53
De 101 m ² a 200 m ²	27,79
De 201 m ² a 400 m ²	46,33
De 401 m ² a 1000 m ²	64,84
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	37,05
Con servizo de restaurante, bar ou cafetería	
Ata 100 m ²	20,39
De 101 m ² a 200 m ²	30,58
De 201 m ² a 400 m ²	50,95
De 401 m ² a 1000 m ²	71,33
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	37,98
Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699 Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436	
Ata 20 m ²	24,71
De 21 m ² a 100 m ²	37,05
De 101 m ² a 200 m ²	49,4
De 201 m ² a 400 m ²	74,12
De 401 m ² a 1000 m ²	111,17
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	61,77
Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615,616, - Epígrafes 6171,6172,6173,6175,6176,6177,6178,6179 Grupos 618, 619, 621,622, 623,631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657,659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76 División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942,943, 944,	

945, 952, 961, 962, 963, 964, 966, 967, 968, 971, 972, 973, 974, 975, 979, 981, 982, 983, 989, 991, 999

Ata 20 m ²	17,63
De 21 m ² a 100 m ²	26,44
De 101 m ² a 200 m ²	35,26
De 201 m ² a 400 m ²	52,9
De 401 m ² a 1000 m ²	79,34
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	44,07

Outras actividades non tarifadas expresamente

Ata 20 m ²	17,63
De 21 m ² a 100 m ²	26,44
De 101 m ² a 200 m ²	35,26
De 201 m ² a 400 m ²	52,9
De 401 m ² a 1000 m ²	79,34
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	44,07
Profesionais e artistas Sección 2 ^a e 3 ^a	
Profesionais e artistas	15,86

A superficie dos locais de negocio, comprenderá a totalidade da superficie dos locais afectos á actividade: superficie total no censo de obrigados tributarios si se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos.

Noutro caso será a superficie obtida da licenza de apertura ou a superficie construída obtida do padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie

ORDENANZA FISCAL 2.9 REGULADORA DO TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

1) Modificación artigo 5 “Tarifas”.

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 5.- TARIFAS

TARIFA 1.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados ó servizo de Abastecemento de auga, a tarifa a aplicar e a seguinte:

DOMÉSTICOS E COMERCIAL: Consumo Bloque Único	0,1455 €/m ³
INDUSTRIAL / OBRAS: Consumo Bloque Único	0,2184 €/m ³

A efectos da tarifa, consideraranse abonados domésticos, comerciais ou industriais, os así definidos na Ordenanza reguladora da Taxa de Auga e no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento.

No caso de que a través de un único contador se subministre auga a varias vivendas ou locais multiplicarase a cota polo número de vivendas ou locais abastecidos.

TARIFA 2.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados o servizo de saneamento, que non sexan abonados o servizo de abastecemento de auga e que vertan a rede pública de saneamento, sen contador de medida, a tarifa aplicar será:

ABONADOS DOMÉSTICOS E COMERCIAIS	3,16 € / bimestre
ABONADOS INDUSTRIAIS	6,55 € / bimestre

Consideraranse abonados domésticos e non domésticos, os que vertan augas residuais a rede pública de saneamento, segundo a clasificación do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento

Ás tarifas sinaladas engadiráselle o IVE o tipo que corresponda.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA**1) Modificación artigo 5 “Tarifas”.**

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -3- COTA TRIBUTARIA

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza está fixado na tarifa seguinte:

A. Usos domésticos

A.1.- Consumos entre 0 e 10 m ³ ó bimestre, mínimo tarifado	o m ³ a 0,1819 €
A.2.- Consumos entre 11 e 25 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,2911 €
A.3.- Consumos entre 26 e 50 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,5095 €
A.4.- Consumos de máis de 50 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,7279 €

B. Usos industriais

B.1.- Consumos entre 0 e 10 m ³ ó bimestre, mínimo tarifado	o m ³ a 0,1455€
B.2.-Consumos entre 11 e 80 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,3275 €
B.3.- Consumo entre 81 e 150 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,8006 €
B.4.- Consumos entre 151 e 300 m ³ ó bimestre	o m ³ a 1,0918 €
B.5.- Consumos de máis de 300 m ³ ó bimestre	o m ³ a 1,7104 €

C. Usos especiais

Os consumos que efectúen os Centros de Ensinanza Oficial, Centros de Ensinanza Privada Concertados, Hospital Comarcal e industriais establecidas no Polígono do Reboredo, pagarán os metros cúbicos que consuman bimestralmente ó prezo de 0,3640 € / m³

D. Cota Xeral

Todos os aboados pagarán, con independencia do consumo, a cantidade de: 1,80 € / bimestre

Os aboados que figuren no apartado H), tarifa especial, non aboarán cota xeral.

E. Aboados sen contador ou con contador avariado

Para os aboados de usos domésticos, ó bimestre:	109,17 €
Para os aboados de usos industriais e especiais pagarán ó bimestre:	545,87 €

F. Por entronques e acometidas á rede municipal

Por cada vivenda:	21,83 €
Por cada local de negocio:	29,11 €

G. Altas no servizo

Por cada alta que se formalice, pagarase a cantidade de: 7,27 €

Por depósito, para responder de impagados, soamente para aboados que non sexan propietarios da vivenda ou local de negocio: 43,68 €

H. Tarifa especial

Contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para gozar desta exención o interesado deberá solicitala previamente, acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

A exención quedará sen efecto cando desaparezan as circunstancias persoais que a motivaron. Pagarán, nos usos domésticos, nos consumos entre 0 e 10 m³, ó bimestre, mínimo tarifado, o m³ a 0,0437 €. Considérase consumo mínimo a cota xeral para todos os aboados e consumo entre 0 e 10 metros cúbicos.

As facturacións bimestrais nos usos domésticos, industriais e tarifa especial efectuaranse aplicando ó consumo de cada tramo o importe do metro cúbico consignado para o mesmo.

PREZO PÚBLICO VENDA DE LIBROS, IMPRESOS, PUBLICACIÓNS , POSTAIS, LAMINAS E OUTROS

Modificación artigo 4 CONTÍA DOS PREZOS PÚBLICOS .

Quedando redactado do seguinte xeito:

- 1) Doce postais 10 X 15 (cartofoi) 10,35€ (ive incluído)
- 2) Seis modelos de lámina 48-68 cm 6,21€ (ive incluído)
- 3) Guía Turística Concello de Monforte Lemos 1€
- 4) Credencial do Peregrino 2€

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO EN REPRESENTACIÓNS TEATRAIS, MUSICAIS, ARTÍSTICAS, COREOGRÁFICAS, AUDIOVISUAIS E CINEMATOGRÁFICAS

Establecemento PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO EN REPRESENTACIÓNS TEATRAIS, MUSICAIS, ARTÍSTICAS, COREOGRÁFICAS, AUDIOVISUAIS E CINEMATOGRÁFICAS

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 1º.- CONCEPTO

De conformidade co disposto no artigo 127 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais en relación cos artigos 41 a 47, este Concello establece o prezo público pola prestación do servizo de representacións teatrais, musicais, artísticas, coreográficas, audiovisuais e cinematográficas.

ARTIGO 2º.- OBRIGADOS AO PAGO

Están obrigados ao pago do prezo público quen se beneficie do servizo prestado por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

ARTIGO 3º.- CONTÍA. TIPO DE ESPECTÁCULO

3.1.- Espectáculos da Rede Galega de Teatros e Auditorios

Entrada Ordinaria	Entrada Reducida - Estudantes - Persoas 3ª Idade - Menores 12 anos
Espazos B	Espazos B
5 €	3 €

3.2 Calquera actuación extraordinaria que realice o Concello, atendendo as circunstancias, procederá a regular o prezo público mediante acordo da Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 47.1 do Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 4º.- OBRIGADOS AO PAGO

1 .-Están obrigados ao pago, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten a prestación dos servizos recollidos no presente prezo público.

2 .- O pago da do prezo público farase ao retirar a oportuna autorización mediante recibo (entrada) que se expedirá para tal efecto.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo aquilo non previsto neste prezo público estarase ao previsto no Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e a Ordenanza Xeral de Prezos Públicos.

As anteriores modificacións das respectivas ordenanzas fiscais entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2022, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este acordo, de aprobación definitiva das modificacións das ordenanzas fiscais para o exercicio 2022 poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monforte de Lemos, 29 de novembro de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 3473

PANTÓN

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2021.

Publicado por erro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 272, do 26.11.2021, o edito polo que se anuncia a elevación automaticamente a definitivo, ao non formularse reclamacións no prazo legalmente establecido para o efecto, do acordo adoptado polo Pleno do concello, en sesión ordinaria do día 28.10.2021, sobre aprobación inicial do Orzamento Xeral Municipal para o exercicio 2021, por verificarse con posterioridade a presentación de reclamacións durante o período de información pública, mediante o presente anuncio procédese a emendar o citado erro:

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión extraordinaria urxente que tivo lugar o día 30.11.2021, acordou a aprobación definitiva, con resolución expresa das reclamacións presentadas, do Orzamento Xeral Municipal para o exercicio 2021.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala de dita Xurisdición do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, no prazo de DOUS MESES dende o día seguinte ao da presente publicación (art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

De conformidade co establecido no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, insírese a continuación o resumo por capítulos de cada un dos Orzamentos que o integran:

ESTADO DE GASTOS

A.- OPERACIÓNS CORRENTES			
Cap.	Descrición	Consignación	(%)
1	GASTOS DE PERSOAL	1.113.533,05 €	51,55
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	884.640,00 €	40,95
3	GASTOS FINANCEIROS	2.200,00 €	0,10
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	88.242,02 €	4,08
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00 €	0,00
	Total operacións Correntes	2.088.615,07 €	
B.- OPERACIÓNS DE CAPITAL			
Cap.	Descrición	Consignación	(%)
6	INVESTIMENTOS REAIS	71.659,17 €	3,32
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €	0,00

8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00
	Total operacións de Capital	71.659,17 €	
TOTAL GASTOS		2.160.274,24 €	

ESTADO DE INGRESOS

A.- OPERACIÓN CORRENTES			
Cap.	Descrición	Consignación	(%)
1	IMPOSTOS DIRECTOS	762.184,36 €	35,28
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	35.500,00 €	1,64
3	TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	336.943,31 €	15,60
4	TRANSFERENCIA CORRENTES	1.007.638,40 €	46,64
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	400,00 €	0,02
	Total operacións Correntes	2.142.666,07 €	
B.- OPERACIÓN DE CAPITAL			
Cap.	Descrición	Consignación	(%)
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	17.608,17 €	0,82
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00 €	0,00
	Total operacións de Capital	17.608,17 €	
TOTAL INGRESOS		2.160.274,24 €	

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta corporación, que, de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, se reproduce a continuación:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA: 1) Denominación das prazas. 2) Número de prazas. 3) Grupo. 4) Escala. 5) Subescala. 6) Nivel de complemento de destino. 7) Complemento específico (contía anual). 8) Observacións.

- 1) Secretario/a-Interventor/a. 2) 1. 3) A1. 4) Habilitación de carácter nacional. 5) Secretaría-Intervención. 6) 26. 7) 23.706,76 euros.
- 1) Técnico/a de Administración Xeral. 2) 1. 3) A2. 4) Administración Xeral. 5) De gestión. 6) 24. 7) 0,00 euros. 8) vacante/nova creación.
- 1) Administrativo/a. 2) 1. 3) C1. 4) Administración xeral. 5) Administrativa. 6) 22. 7) 8.303,88 euros. 8) Vacante/xubilación.
- 1) Auxiliar administrativo/a. 2) 1. 3) C2. 4) Administración xeral. 5) Auxiliar. 6) 16. 7) 3.832,33 euros.
- 1) Auxiliar administrativo/a. 2) 1. 3) C2. 4) Administración xeral. 5) Auxiliar. 6) 12. 7) 1993,60 euros. 8) vacante/ocupada interinamente

➤ 1) Auxiliar administrativo/a. 2) 2. 3) C2. 4) Administración xeral. 5) Auxiliar. 6) 12. 7) 1993,60 euros. 8) vacante/nova creación.

➤ 1) Conserxe colexio. 2) 1. 3) AP. 4) Administración xeral. 5) Agrupacións profesionais. 6) 10. 7) 3.993,70 euros. 8) vacante.

PERSONAL LABORAL FIXO OU INDEFINIDO: 1) Denominación posto de traballo. 2) Número de postos. 3) Titulación esixida. 4) Observacións.

➤ 1) Operario de servizos alumeado público. 2) 1. 3) -. 4) Xornada completa.

PERSONAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA: 1) Denominación posto de traballo. 2) Número de postos. 3) Titulación esixida. 4) Duración do contrato. 5) Observacións

➤ 1) Traballador/a social. 2) 1. 3) Traballo social. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Traballador/a social. 2) 1. 3) Traballo social. 4) Obra/servizo. 5) 50 % da xornada.

➤ 1) Educador/a social. 2) 1. 3) Diplomatura en educación social ou do título de grao en educación social . 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Auxiliar de axuda no fogar. 2) 31. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Técnica depuración. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Peón depurado. 2) 2. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Peón tractor. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Peón Lixo. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Chofer lixo. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Peón Parques e xardíns. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Peóns alumeado público. 2) 2. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Limpeza Centro de Saúde. 2) 2. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Animador sociocultural. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Auxiliar de cultura. 2) 2. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Bibliotecario/a. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Limpeza colexio público. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Socorristas xullo e agosto. 2) 1. 3) -. 4) Obra/servizo. 5) Xornada completa.

➤ 1) Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. 2) 1. 3) 1º/2º Ciclo de Educación Universitaria. 4) Obra/servizo

Así mesmo, na referida sesión, tamén se acordou aprobar as bases de execución de dito orzamento, dispoñendo a "BASE.- 28.-GASTOS DE LOCOMOCIÓN, DIETAS E INDEMNIZACIÓNS" o que a continuación se indica:

Os gastos de locomoción que se produzan como consecuencia de desprazamentos por comisión de servizos ou xestións oficiais dispostos pola Corporación, polo seu Presidente ou por outros órganos competentes, serán abonados previa a presentación dos correspondentes xustificantes. Aqueles membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, da seguinte maneira:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta (155,90 euros).

- Media dieta, noutro caso (77,95 euros).

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizarase polo importe do billete ou pasaxe empregada.

No que se refire as asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que os membros da Corporación formen parte e a dotación aos grupos políticos municipais, estarase ao Acordo do 27.06.2019 adoptado polo Pleno da Corporación sobre o asunto "QUINTO. RETRIBUCIÓNS, ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E DOTACIÓNS ECONÓMICAS DOS GRUPOS POLÍTICOS", de conformidade co artigo 75.3 e 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que na súa parte dispositiva dispón que:

"(...)

PRIMEIRO.- Establecer as seguintes dedicacións parciais:

-Primeira Tenente de Alcalde; dedicación parcial de vinte (25) horas semanais, retribución bruta mensual de mil euros (1.200 €), cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará os incrementos legais previstos para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o vinteito de xuño actual.

SEGUNDO.- Solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a Alta da Primeira Tenente de Alcalde, con efectos do 28/06/2019 do presente ano, asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social imponen ás Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

TERCEIRO.- Asistencias:

Tódolos membros da Corporación, agás os que desempeñen o seu cargo con dedicación exclusiva ou parcial, percibirán asistencias pola concurrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, nas seguintes contías:

A.- Por asistencia a Plenos, e Comisións informativas: setenta e cinco euros (75 €) por sesión.

B.- Por asistencia a Xuntas de Goberno Local: trescentos cincuenta euros (350 €) por sesión.

CUARTO.- Dietas e gastos de locomoción:

Aqueles membros da corporación que realicen comisións de servizo fóra do término municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o grupo I no Real Decreto 462/2002, de 4 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, da seguinte maneira:

- Dieta enteira, nos casos con pernocta: cento cincuenta e cinco euros con noventa céntimos (155,90 euros).

- Media dieta, noutro caso: setenta e sete euros con noventa e cinco céntimos (77,95 euros).

A indemnización que se percibirá como gasto da viaxe polo uso do vehículo particular en comisión de servizo será a cantidade por quilómetro percorrido que se indica no Real Decreto citado no punto anterior e demais normas posteriores de actualización. Nos restantes casos, indemnizaráse polo importe do billete ou pasaxe empregada.

QUINTO.- Dotacións Grupos políticos municipais:

De conformidade co artigo 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local asígnase unha dotación económica fixa ós grupos municipais de 50 euros mensuais e outra variable de 50 euros por cada concelleiro.

A liquidación destas dotacións verificarase nos meses de xuño e decembro, con cargo á partida 912.489 do Orzamento do Concello.

SEXTO.- Que queden derogados Decretos, acordos resolucións e calquera outro acto ou norma municipal que se opoña a este acordo incluíndo bases de execución do orzamento municipal, dando exposición pública por 15 días e entendendo que de non presentarse alegacións quedarán derogadas as bases de execución do orzamento municipal de 2019 que se opoñan a este acordo.

(...)"

Pantón, 1 de decembro de 2021.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R.3485

Anuncio

CONTA XERAL DO CONCELLO DE PANTÓN CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2020.

A Comisión Especial de Contas, en sesión que tivo lugar o día 02.12.2021, informou favorablemente a Conta Xeral do Concello de Pantón correspondente ao exercicio económico 2020.

De conformidade co que dispón o artigo 212.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e a Regra 50 da Orde HAP/1782/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo simplificado de contabilidade local e modifícase a Instrución do modelo básico de contabilidade local, aprobada por Orde EHA/ 4040/2004, do 23 de novembro, expónse ao público por termo de quince (15) días hábiles, durante os cales as persoas interesada poderán examinala e presentar as reclamacións, os reparos ou as observacións que consideren oportunas.

Pantón, 2 de decembro de 2021.- O alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3501

PARADELA*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2022**

Aprobado inicialmente, polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 02 de decembro de 2021, o proxecto de Orzamento Xeral, as bases de execución, o anexo de inversións e cadros de financiamento e o cadro de persoal para o exercicio 2022, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría do Concello, polo prazo de 15 días hábiles, que se contarán dende o seguinte ao da inserción do presente edicto no B.O.P., co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións e suxestións que se consideren pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Paradela, a 02 de decembro de 2021.- O ALCALDE - PRESIDENTE, José Manuel Mato Díaz.

R. 3502

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

En cumprimento do disposto no artigo 169 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, expónse ó público que o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o 29 de novembro de 2021, aprobou inicialmente o orzamento consolidado para o exercicio económico 2022, o cadro de persoal e a relación de postos de traballo para o referido exercicio do Concello e da Fundación municipal "TerrEo"; por prazo de 15 días os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno; se durante dito prazo non se presentara ningunha, considerarase definitivamente aprobado.

Ribeira de Piquín, 1 de decembro de 2021.- Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 3486

RIOTORTO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión extraordinaria celebrada o día 30 de novembro de 2021, acordou aprobar o seguinte proxecto técnico:

- "Reforma e acondicionamento da antiga escola de A Muxueira para telecentro"

Así mesmo, acordouse expoñer ao público o citado proxecto polo prazo de vinte días hábiles, a contar dende o seguinte ao da inserción deste edicto no B.O.P. e no taboleiro de anuncios deste Concello.

De non se producir reclamacións durante a exposición pública, a aprobación inicial entenderase elevada a definitiva.

Riotorto, 30 de novembro de 2021.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3474